



BOP

VENRES, 06 DE XULLO DE 2018

N.º 154

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS E DAS ARTESÁS PARTICIPANTES NA MOSTRA DE ARTESANÍA "ARTESANFROILÁN 2018", DA ÁREA DE CULTURA E TURISMO, SUBÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO, ARTESANÍA E DESEÑO E EDUCACIÓN.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación dos e das artesás da mostra ARTESANFROILÁN 2018 organizada pola Área de Cultura e Turismo, Subárea de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico, Artesanía e Deseño e Educación da Deputación de Lugo (en adiante Área de Cultura da Deputación de Lugo).

SEGUNDA: PARTICIPANTES

A presente convocatoria está aberta a todas e todos os artesáns para participar na mostra Artesanfroilán 2018, para o cal todas as persoas interesadas deberán cumprir os requisitos establecidos nas presentes bases.

Para os efectos destas bases, poderán participar os e as artesáns que realicen calquera actividade recollida no Anexo IV do Decreto 218/2001, de 7 de setembro polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía agás os que realicen actividades da súa división 15 (Industrias de produtos alimenticios e bebidas).

A participación nesta Mostra está reservada a artesás e artesáns cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

TERCEIRA: LUGAR, DATA E CARACTERÍSTICAS

A mostra desenvolverase na praza Anxo Fernández Gómez de Lugo, entre os días 3 de outubro de 2018 e 14 de outubro de 2018, en horario de 11:00 h. a 14:00h. e de 17:00 a 21:00 h.

Os postos disporán de iluminación e contarán cunha saída de luz para o uso do artesán/artesá expositor

CUARTA: CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

As persoas interesadas en participar na mostra Artesanfroilán 2018 deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Poderán participar individualmente ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

No suposto de participación conxunta e, de acordo coas indicacións na solicitude, o posto poderase compartir por un máximo de dous artesáns/artesás.

En todo caso, aqueles artesáns/artesás que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos requisitos por parte de un dos dous participantes da solicitude de participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Nese sentido, a Área de Cultura poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

A mostra estará formada por 25 postos de 3 X 2 metros, cada unha delas e con cadro eléctrico e iluminación.

Asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene, atención ao cliente, durante os días que dure a feira. **Os traballos de acondicionamento do posto de cada expositor será o día 3 de outubro dende ás 8:00 horas, e deberán estar concluídos o mesmo día ás 17:00 horas.** O desmonte e retirada dos elementos de cada caseta deberá realizarse como máximo ás 12:00 horas do 15 de outubro de 2018.

O/a expositor/a comprométese a manter aberta a caseta no horario fixado para a feira e ter polo menos unha persoa á fronte do mesmo, que representará ao/a solicitante.

O/a expositor/a deberá ter visible ao público a carta de artesán/artesá.

Así mesmo, comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

A Área de Cultura da Deputación de Lugo será a encargada de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove, así como procurárase unha rotación dos/as artesáns seleccionados en relación con anos anteriores.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Área de Cultura da Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración da Mostra.

Non se permitirá máis música ambiental que a seleccionada pola organización de Artesanfroilán 2018.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender a celebración da mostra, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

A presentación da solicitude de participación nesta mostra "ARTESANFROILÁN 2018" implica a aceptación total das presentes bases.

Ante calquera aspecto non recollido nestas bases no relativo ao proceso de valoración a admisión de solicitudes, a Área de Cultura da Deputación de Lugo, a proposta da Comisión de selección, resolverá segundo se considere o máis axeitado para o mellor desenvolvemento do evento/ mostra.

Os artesáns/artesás seleccionados estarán obrigados ao pago do precio público estipulado (360 €) no prazo de 7 días naturais dende a publicación da listaxe de artesáns/artesás seleccionados.

QUINTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar na mostra Artesanfroilán 2018 deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I, - xunto coa documentación restante requirida no punto 5º das bases- no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo (San Marcos, 8 - 27001 Lugo), ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación será de 15 días naturais dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso de selección para participar da mostra Artesanfroilán 2018.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

- 1.- **Modelo de solicitude** debidamente cumprimentado (Anexo I)
- 2.- **Copia** da Carta de Artesán ou Artesá.
- 3.- **Copia** do DNI ou NIF da empresa.
- 4.- **Memoria técnica e descritiva** do material e do proceso de elaboración dentro da disciplina artesanal correspondente e relación e fotografías dos produtos a expoñer e de proposta expositiva para a presente mostra.

A memoria deberá ter un tamaño máximo de A4 e unha dimensión máxima de 25 páxinas por unha cara incluíndo a portada, no caso de presentación conxunta presentarase unha única memoria polos/polos dous/dúas solicitantes, todas elas deberán seguir o seguinte esquema:

- Portada. Datos de Artesán/Artesá, obradoiro, etc.. (1 páxina)
- Traxectoria do artesán/artesá e obradoiro. Currículo profesional que inclúa a data de inicio e traxectoria, así como mención a páxina web, blog ou redes sociais, no caso de utilizar algunha destas ferramentas. (Máx. 2 páxinas).
- Materiais e técnicas empregadas. (Máx. 2 páxinas).
 - a) Materiais utilizados
 - b) Descrición das técnicas empregadas.

Este apartado deberá ir acompañado dunha secuencia de fotos en pequeno formato mostrando a transformación da materia prima ata o produto final.

- Líneas de Produtos elaborados. (Máx. 10 páxinas)
 - a) Relación detallada dos produtos que se poñerán á venda no mercado. (Máx. 1 páxina)
 - b) Foto do posto montado anteriormente ou proposta de montaxe. (Máx. 1 páxinas).
 - c) Fotografías variadas do traballo onde se poida apreciar a súa calidade. (Máx. 8 páxinas).

Recoméndase que a memoria sexa elaborada coidadosamente, xa que é a ferramenta da que dispoñen os/as integrantes da comisión de selección para coñecer o traballo dos e das artesáns.

5. **Compromiso de aceptación** por parte do solicitante no que se asuma a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga. (Anexo II)

6.-**Compromiso de aceptación** dos participantes nesta Mostra, conforme asumen todas as responsabilidades derivadas da montaxe, desmonte do produto a expoñer, as perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo, segundo se establece no punto 4 das bases. (Anexo II).

7.- **Declaración responsable** de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 Da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así mesmo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. (Anexo II)

8.- **De forma opcional** os e as solicitantes poderán aportar copia da vida laboral se desexan que a información deste documento sexa tida en conta nas valoracións, así como os documentos acreditativos de estar inscrito/a na marca Artesanía de Galicia e/ou ter o obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, así como calquera documentación que estime oportuno entregar para poder valorar segundo os criterios establecidos na base sexta.

SEXTA: SELECCIÓN

Rematado o prazo de solicitude de participación na mostra, unha Comisión valorará as solicitudes presentadas e emitirá unha proposta de resolución das persoas admitidas para participar en ARTESANFROILÁN 2018.

Esta Comisión estará formada por persoal da Deputación Provincial de Lugo e rexerese segundo o establecido para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A selección dos participantes na mostra farase con base nos criterios que se expoñen a continuación:

1. Calidade do proxecto presentado e procesos de elaboración: 0 a 5 puntos
2. Antigüidade da Carta de Artesá:
 - a. Menor o igual a 5 anos → 5 puntos
 - b. Máis de 5 anos → 10 puntos
3. Presenza en Feiras de Artesanía para profesionais no último ano → 5 puntos
4. Innovación técnica:
 - a. Utilización de novas técnicas para a disciplina → 5 puntos
 - b. Incorporación de novos materiais na disciplina → 5 puntos
5. Difusión e Implantación en redes:
 - a. Páxina Web → 5 puntos

- b. Blog → 3 puntos
- c. Redes sociais → 2 puntos
- 6. No caso de posto compartido → 15 puntos
- 7. Deseño verde:
 - a. Materiais autóctonos → 5 puntos
 - b. Materiais ecolóxicos → 5 puntos
- 8. Identificación coa zona de procedencia e elaboración do produto:
 - a. Materiais → 5 puntos
 - b. Deseño → 5 puntos
- 9. Deseño do posto → de 0 a 5 puntos
- 10. Incorporación á marca Artesanía de Galicia → 5 puntos
- 11. Ter o Obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia → 5 puntos

En caso de empate na puntuación, terá preferencia utilizando por orde os seguintes criterios:

1º As disciplinas, que no seu caso, non estivese representada, co fin de lograr a máis ampla e variada oferta da mostra.

2º Terán preferencia as e os artesáns da provincia de Lugo, segundo a carta de artesá.

3º As solicitudes con número de entrada en rexistro anterior ao posterior.

Con base nos criterios expostos, a citada Comisión propondrá unha listaxe ordenada de artesás e artesáns seleccionados ao Presidente da Deputación de Lugo, quen resolverá.

A resolución que poña fin ao procedemento de selección deberá expresar as persoas adxudicatarias seleccionadas de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, a comisión de selección cubrirá a vacante co artesán ou artesá suplente, a través da listaxe de suplencias que a tal efecto elaborará a comisión no momento de emisión do seu ditame, contra esta resolución caberán os recursos pertinentes establecidos na Lei 39/2015 e demais normativa de aplicación.

Esta resolución farase pública para os efectos de notificación ás persoas interesadas, así como calquera outra notificación ou requirimento, a través dos Taboleiros de Anuncios da Deputación de Lugo e do Centro de Artesanía e Deseño, da páxina web www.centrad.org dando cumprimento ao disposto no artigo 45.1 b) da lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Unha vez comunicada a selección dos candidatos, abrirase un prazo de 7 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta, así como xustificante de pagamento do ingreso da tarifa do prezo público de 60 € por metro cadrado de caseta para a exposición e venda de artesanía (total 360 €), aprobado por Xunta de Goberno, do cal se remitirá fotocopia xustificativa ao Centro de Artesanía e Deseño da Área de Cultura e Turismo. No caso de non presentación ou abono da cantidade e documentación esixidas, causará exclusión na participación da mostra e chamarase ao seguinte artesá o artesán suplente da listaxe de suplencias.

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros:

PRESIDENTE

Santiago Rodríguez Tuñas, Coordinador de Administración e Xestión Cultural.

SECRETARIO

O Secretario da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue.

VOGAIS

Xosé Manuel Becerra Pardo, Coordinador de Actividades e de Persoal.

Mª Soledad López de Andrés, Atención ao cidadá.

Daniel Fernández Gómez, administración.

Vogais Suplentes

Luciano Pérez Díaz, Responsable Técnico Coleccións.

Joao Fernades de Brito, Mestre Artesán do Obradoiro do Moble.

Diego López Villar, Oficial Taller do Libro.

Lugo, 29 de xuño de 2018.- O Presidente, P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, Cristóbal Victor Fraga Bermejo.

| | | |
|---|-------------------------|-----------|
| ANEXO I | | |
| SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PARTICIPACIÓN | | |
| ARTESANFROILÁN 2018 | | |
| 3 AO 15 DE OUTUBRO 2018 | | |
| PRAZA ANXO FERNÁNDEZ GÓMEZ | | |
| DATOS DO SOLICITANTE | | |
| SOLICITO UN POSTO CO SEGUINTE RÓTULO (MÁX 20 DÍXITOS) : | RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA | NIF |
| REPRESENTANTE LEGAL | DNI | |
| ENDEREZO | CP | |
| LOCALIDADE | PROVINCIA | TELÉFONO |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO | MÓBIL | FAX |
| ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN | | |
| ENDEREZO | | |
| CP | LOCALIDADE | PROVINCIA |
| TELÉFONO/S | E-MAIL | |
| SOLICITO UN PAVILLÓN MODULAR DE 6 M² Precio: 60 Euros/m² IVE engadido. TOTAL 360 € | | |

Asdo.:

En a... de de 2018

| | | |
|--|-------------------------|----------|
| ANEXO I ^{bis} | | |
| SOLICITUDE CONXUNTA DE PARTICIPACIÓN ARTESANFROILÁN 2018 | | |
| 3 AO 15 DE OUTUBRO 2018 | | |
| PRAZA ANXO FERNÁNDEZ GÓMEZ | | |
| DATOS DO SOLICITANTE 1 | | |
| NOME E APELIDOS: | RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA | NIF |
| REPRESENTANTE LEGAL | DNI | |
| ENDEREZO | CP | |
| LOCALIDADE | PROVINCIA | TELÉFONO |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO | MÓBIL | FAX |
| DATOS DO SOLICITANTE 2 | | |
| NOME E APELIDOS: | RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA | NIF |
| REPRESENTANTE LEGAL | DNI | |
| ENDEREZO | CP | |
| LOCALIDADE | PROVINCIA | TELÉFONO |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO | MÓBIL | FAX |
| SOLICITAMOS UN PAVILLÓN MODULAR DE 6 M² Precio: 60 Euros/m² IVE engadido. TOTAL 360 € | | |
| SOLICITAMOS UN POSTO CO SEGUINTE RÓTULO (MÁX. 20 DÍXITOS): | | |
| | | |

Asdo.:

En a... de de 2018

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS NAS BASES DESTA MOSTRA**

Don/Dona _____
DNI nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____
_____ concello de _____ e teléfono de contacto _____
e correo electrónico _____.

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- Que de resultar seleccionado/a para participar na MOSTRA ARTESANFROILÁN 2018:
- Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que aporco coa solicitude.
- Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.
- Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.
- Que a persoa física ou xurídica:
 - o Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
 - o Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
 - o Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
 - o Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
 - o No caso de persoa xurídica, as prestacións obxecto deste contrato menor, están comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da súa actividade a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais.
 - o Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado "Correo electrónico", consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP.

E para que así conste, asino en _____ a _____ de _____ de 2018.

Sinatura:

R. 1882

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

| CONCELLO | PERIODO | TAXAS |
|-----------|-------------------|---|
| O Saviñao | 1º semestre-2018 | Taxa pola recollida lixo |
| SAMOS | 1º-semester-2018 | Taxa pola recollida lixo |
| POL | 4º-trimestre-2018 | Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos |

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 29 de xuño de 2018.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016. A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez

R. 1867

*Anuncio***ANUNCIO DE COBRANZA**Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunicase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 6/07/2018 e finalizará o día 6/09/2018, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

| CONCELLO | PERIODO | TAXAS |
|-----------|-------------------|---|
| O Saviñao | 1º semestre-2018 | Taxa pola recollida lixo |
| SAMOS | 1º-semester-2018 | Taxa pola recollida lixo |
| POL | 4º-trimestre-2018 | Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos |

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de construximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 29 de xuño de 2018.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016. A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez.

R. 1868

CONCELLOS**FOZ***Anuncio***Concello de Foz. Aprobación inicial Orzamento Xeral 2018.**

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28 de xuño de 2018, prestoulle aprobación inicial ó Orzamento Xeral e Bases de Execución do Concello de Foz para o exercicio 2018.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo na Intervención Xeral do Concello e presenta-las reclamacións que consideren oportunas. Se ó termino do período de exposición ó público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o artigo 169.3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Foz 29 de xuño de 2018.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 1850

FRIOL*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de Xuño de 2018, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación dun substituto/a para o desempeño da Secretaría do Xulgado de Paz de Friol, con carácter temporal, ata a reincorporación da titular unha vez finalice o período de vacacións (Mes de Agosto) da encargada do posto.

Duración do Contrato: 1 Mes.

Prazo de Presentación de Solicitudes: no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello de Friol en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que o proceso remate en día inhábil, entenderase prorrogado ao día hábil seguinte.

Máis información nas Bases da Convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e no portal de transparencia da súa páxina web (www.concellodefriol.es).

Friol a 29 de Xuño de 2018.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez

R. 1851

LUGO*Anuncio***FORMALIZACIÓN DE CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.
- c) **Número de expediente:** 4-2018
- d) **Dirección de Internet do perfil do contratante:** www.lugo.gal

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Tipo:** obras
- b) **Descrición:** Servizo consistente na realización de traballos de comunicación, difusión e publicidade dos resultados do PROXECO LIFE 14 CCA/ES/000489 LUGO+BIODINÁMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO

MULTIECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA" COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO FINANCIERO LIFE 2010-2020.

c) **Lotes:** NON.

d) **CPV 2008:** 79341000-6 Servizos de publicidade

e) **Acordo marco:** NON

f) **Medio de publicación do anuncio de licitación:** BOP e perfil do contratante

g) **Data de publicación do anuncio de licitación:** BOP de 08/03/2018.

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- Valor estimado do contrato: O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 200.000 euros, IVE excluído.

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade): O prezo do contrato é de:

Prezo sen IVE: 200.000 euros.

IVE (21%): 42.000 euros

Prezo de licitación: 242.000 euros, IVE incluído.

6.- Formalización do contrato

a) **Data de adxudicación:** 13-06-2018

b) **Data de formalización:** 21-06-2018

c) **Contratista e N.I.F.:** GALICIA COMUNICACIÓN G Y C, S.L. co CIF: B-15.232.960

d) **Importe da adxudicación:** 217.558,00 euros, IVE incluído.

Lugo, 26 de xuño de 2018.- A ALCALDESA P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto.

R. 1852

SARRIA

Anuncio

Por parte do Concello de Sarria vaise proceder a seguinte contratación laboral temporal a tempo parcial (6 horas), de persoal para o Servizo de Información Turística do Concello:

2 Informadores/as turisticos

Prazo de presentación de instancias: 10 días naturais, contados o día seguinte en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Bases para a selección, completas, publicadas no portal de transparencia do Concello de Sarria (carpeta 1.7.2): sede.sarria.es

Sarria 29 de xuño de 2018.- A ALCALDESA-PRESIDENTA

R.1855

VIVEIRO

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Auga e canon de Saneamento, rede de sumidoiros e Taxa de Recollida de Lixo (2º trimestre do exercicio 2018) e anuncios de cobranza.

Con data de 27 de xuño de 2018 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

| <u>Tributo</u> | <u>Exercicio</u> | <u>Importe</u> |
|----------------------------|-------------------------|-----------------------|
| Auga potable | 2º Trimestre de 2018 | 161.273,83 € |
| Conservación de contadores | 2º Trimestre de 2018 | 5.534,37 € |

| | | |
|-------------------------------|----------------------|--------------|
| Rede de sumidoiros | 2º Trimestre de 2018 | 31.911,26 € |
| Depuración de augas residuais | 2º Trimestre de 2018 | 97.189,50 € |
| Recollida de lixos | 2º Trimestre de 2018 | 302.156,42 € |
| Canon auga (Xunta) | 2º Trimestre de 2018 | 84.028,23 € |

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- 1) O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **03 de xullo de 2018 ao 03 de setembro de 2018**, ambos inclusive.
- 2) Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
- 3) Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxias de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarásese o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 28 de xuño de 2018.- Alcaldesa, María Loureiro García

R. 1860

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA

Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas ordinaria celebrada o 25 de xuño de 2018, expónse ao público a conta xeral correspondente ao exercicio 2017, por un prazo de quince días, durante os que e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Barreiros, 26 de xuño de 2018.- O Presidente, Alfredo Llano García

R. 1822

Anuncio

BASES PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AXENTE DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO PARA A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación DUN/DUNHA AXENTE DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO que prestará os seus servizos á Mancomunidade de municipios da Mariña Luguesa ata o 31 de decembro de 2018, podendo prorrogarse este contrato unha única vez por un prazo non superior á duración inicial do mesmo si así o estima convinte a entidade contratante. A retribución será de 1.500 € brutos mensuais, incluíndo xa a parte proporcional das pagas extras, e a cotización será a correspondente ó Grupo 2. Será a xornada completa (37,5 horas), preferentemente en horario de mañá e de luns a venres, si ben dito horario deberá axustarse en función das

actuacións que deban desenvolverse en cada momento (actos ou eventos, organización de actividades concretas,...). Os desprazamentos deberá facelos en vehículo particular e abonarase a quilometraxe xustificada a 0,19 €/km e as horas extras que non sexan compensables en horas libres abonaránse ó prezo correspondente a hora normal de traballo.

Funcións do posto:

- Levar a cabo as labores de comunicación en materia de turismo da Mancomunidade da Mariña Luguesa.
- Xestión das redes sociais da Mancomunidade promocionando o turismo da zona.
- Coordinación e xestión de todas as actuacións de promoción que realice a Mancomunidade dentro dos convenios de colaboración asinados coa Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia.
- Propoñer melloras e actuacións que potencien o turismo da Mariña Luguesa.
- Relacións coas Oficinas de Turismo dos concellos da Mancomunidade e coas asociacións ou colectivos implicados na área de turismo.
- Asistencia a actos ou eventos relacionados co turismo e nos que estea presente a Mancomunidade da Mariña Luguesa.

2.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Con carácter xeral, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) ter nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Estatuto do Empregado Público.
- b) ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- d) Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaba, no que fora separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.
- f) as persoas aspirantes que dadezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.
- g) estar en posesión, no momento en que remate o prazo de presentación de instancias, ou en disposición de obtelo, o Grao ou Diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.

3. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes ao Sr. Presidente de Mancomunidade de municipios da Mariña Luguesa e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade (Rúa Vila, 63, San Cosme de Barreiros, Lugo- Casa do Concello de Barreiros), tamén se poden presentar a través dunha instancia xeral na sede electrónica da mancomunidade (mancomunidademarinalucense.sedelectronica.es) ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no **prazo de 15 días naturais** contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo . Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte. Cando se presenten en correos, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de correos. Dado o carácter urxente da convocatoria, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, deberán remitir por fax ou correo electrónico á Mancomunidade, copia selada da instancia dentro do prazo dos 15 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 9812 41 10, correo electrónico: administracion.mancomunidade@amariñaturismo.es). O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

Coa solicitude, as persoas aspirantes deberán presentar:

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiras.
- b) Fotocopia do título académico esixido.
- d) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego CELGA IV. De carecer desta acreditación, o/a aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.
- e) Documentación acreditativa dos méritos alegados. Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca. Non se valorarán os méritos

que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados. A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

f) Declaración xurada sobre os seguintes aspectos:

- non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- non ter sido separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
- non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica, exclusivamente. Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador. Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección correspondentes. Concederase un prazo improrrogable de 5 días naturais para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica. Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral da Mancomunidade ou na súa sede electrónica, deberá se comunicada por fax ou correo electrónico dentro do prazo de 5 días naturais sinalado anteriormente. As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional. O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

6. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política. Actuará como Secretario o da Mancomunidade ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse esta en representación por conta de ninguén. Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requirise un nivel igual ou superior de titulación ao esixido para participar neste proceso selectivo. A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica da Mancomunidade a efectos de recusación. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requirise a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior. Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

7. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

7.1.- FASE DE OPOSICIÓN: A fase de oposición será previa á do concurso. Constará dunha proba de coñecementos xerais e específicos, obrigatoria e eliminatoria.

Consistirá en realizar por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, unha proba teórico-práctica a concretar polo tribunal, na que deberán acreditar os seus coñecementos xerais sobre a xestión de actuacións turísticas, promoción turística, xestión de redes sociais e máis concretamente o seu coñecemento específico sobre a mariña luguesa e as súas particularidades como destino turístico.

Unha vez finalizada a proba, deberá expoñerse oralmente ante o tribunal que poderá realizar todas as preguntas que considere oportunas á persoa aspirante, co fin de confirmar os seus coñecementos teóricos e prácticos na materia.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán cualificados como non aptos e quedarán eliminados. Valorarase especialmente a claridade expositiva, os coñecementos prácticos das funcións a desempeñar e que as iniciativas sexan axeitadas á realidade da mancomunidade.

Proba de galego: Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

7.2.-FASE DE CONCURSO: A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. A valoración dos méritos realizarase tras a fase de oposición pero pode realizarse o mesmo día, só as persoas aspirantes que superaran dita fase. Publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica da mancomunidade.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: (ata un máximo de 4,5 puntos):

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características noutra Administración Pública: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características no sector privado: 0,05 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

No caso de servizos por conta allea, deberán presentarse obrigatoriamente os seguintes documentos:

a) Informe de vida laboral

b) copia do/s contrato/s de traballos

Estes documentos poden substituírse por un certificado de servizos expedido pola administración ou empresa privada, no que quede acreditado de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado e número de horas da xornada laboral.

No caso de autónomos, acreditarán a experiencia mediante o informe de vida laboral, así como o xustificante de alta no IAE, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

B) FORMACIÓN:(ata un máximo de 4 puntos):

a) Valorarase estar en posesión das seguintes titulacións cun máximo de 2 puntos.

- Técnico en empresas e actividades turísticas ou equivalentes: 1 puntos

- Técnico Superior en guía, información e asistencia turística ou equivalente : 0,5 puntos

- Grao ou licenciatura en Historia da Arte, Humanidades, Historia ou Xeografía e Ordenación do Territorio: 0,5 puntos

Acreditaránse mediante copia do título correspondente ou certificado oficial acreditativo do mesmo. Non servirán resguardos dos pagos de taxas para a obtención do título.

b) Masters, cursos, xornadas ou similares relacionados coas funcións a desempeñar. Concederase ata un máximo de 2 puntos con arranxo á seguinte escala:

- Master ou postgrao: 0,75 puntos

- De máis de 150 horas: 0,50 puntos.

- De 60 a 149 horas: 0,25 puntos.

- De 20 a 59 horas: 0,15 puntos.

Acreditaránse mediante copia do título ou certificado oficial acreditativo dos mesmos. Non se valorarán aqueles cursos que non teñan establecidas as horas nin os que teñan máis de 15 anos de antigüidade.

C) IDIOMAS. (ata un máximo de 1,5 puntos)

- Titulación de nivel avanzado ou equivalente en inglés, alemán ou francés (0,5 puntos por cada idioma).

- Titulación do nivel intermedio ou equivalente en inglés, alemán ou francés (0,25 puntos por cada idioma).

- Titulación do nivel básico ou equivalente en inglés, alemán ou francés (0,15 puntos por cada idioma).

So se valorará un título ou certificado por idioma, o do grao superior alegado.

Acreditaráanse mediante copia do título ou certificado oficial acreditativo dos mesmos.

Ningún mérito se poderá utilizar para puntuar en máis dun apartado.

8.- CALENDARIO DAS PROBAS.

A citación ao Tribunal e aos/as aspirantes para a realización da proba da oposición publicárase na sede electrónica da Mancomunidade xunto coa lista definitiva de aspirantes, cunha antelación de 48 horas á hora fixada para realizarse. Todas as probas se poderán realizar no mesmo día. Os resultados das probas publicárase así mesmo na sede electrónica da mancomunidade. Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan. Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan. Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores, máquinas calculadoras, ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, o tribunal deberá propor ao presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

9.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación dos/das aspirantes virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de oposición e concurso, sempre que se teñan superados os exercicios da fase de oposición. Dita cualificación determinará a orde definitiva dos aspirantes na bolsa de emprego. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no exercicio da fase de oposición. De manterse o empate, acudirase á puntuación obtida na fase de concurso e de persistir, estarase aos apartados do baremo pola súa orde.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación. Estableceráse unha lista de reserva cos aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato. Na citada lista figurarán os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada.

10.- RESOLUCIÓN DE CONTRATACIÓN.

O Tribunal propondrá ó Presidente a contratación do/a aspirante que encabece dita relación. O Presidente ditará resolución acordando a contratación de dito/a aspirante e publicaráse no taboleiro de anuncios da sede electrónica da mancomunidade, levándose a cabo a formalización do contrato de xeito inmediato.

11.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo. No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

12.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Presidente da Mancomunidade de municipios da Mariña Luguesa, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

13.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan á Mancomunidade de municipios da Mariña Luguesa á publicación na sede electrónica dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AXENTE DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO PARA A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA.

D./D.^a _____
con DNI _____, con enderezo a efectos de notificación en _____
_____, teléfono _____;
Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada pola Mancomunidad de municipios da Mariña Laguesa para a contratación laboral temporal que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexeñen dita selección e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:
 - Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - Copia da titulación esixida e da documentación que acredite os requisitos mínimos.
 - Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.
 - Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

Barreiros, ____ de _____ de 2018

Sinatura: _____

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a. _____, con DNI _____, con domicilio a estes efectos en _____, con dirección de correo electrónico _____ e teléfono de contacto _____,

DECLARA baixo xuramento ou promete, ós efectos de ser admitido/a no proceso de selección para cubrir un posto de traballo temporal na Mancomunidade de municipios da Mariña Lguesa:

- non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- non ter sido separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas.
- non atoparse incurso/o en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

En _____, a _____ de _____ de 2018

O/A solicitante

Asdo:

Barreiros, 26 de xuño de 2018.- O Presidente, Alfredo Llano García

R. 1823

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

CEDULA DE NOTIFICACION

Mª DEL CARMEN ÁLVAREZ MARQUÉS, LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en la **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 56/2018** de este Juzgado de lo Social, seguida a instancia de **MARÍA TERESA LÓPEZ LÓPEZ** contra la empresa **CONPRONOR SL**, se ha dictado auto, en el día de la fecha, cuya parte dispositiva literalmente dice:

*“DISPONGO: Despachar orden general de la sentencia firme de fecha 04/05/2018 dictada en los autos de DESPIDO 536/2017 de este Juzgado, a favor de **MARIA TERESA LOPEZ LOPEZ**, frente a **CONPRONOR SL**, por importe de **33.721,06 euros** en concepto de principal, más otros **5.000 euros** que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación; así como por la cantidad de **300 euros** en concepto de multa impuesta en sentencia.- Notifíquese a las partes.- Contra este auto **podrá interponerse recurso de reposición**, a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación, en el que **además** de alegar las posibles infracciones en que hubiera de incurrir la resolución y el cumplimiento o incumplimiento de los presupuestos y requisitos procesales exigidos, **podrá deducirse la oposición a la ejecución despachada**, aduciendo pago o cumplimiento documentalmente justificado, prescripción de la acción ejecutiva u otros hechos impeditivos, extintivos o excluyentes de la responsabilidad que se pretenda ejecutar, siempre que hubieren acaecido con posterioridad a su constitución del título, no siendo la compensación e deudas admisible como causa de oposición a la ejecución.- Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este XDO. DO SOCIAL N. 2 abierta en BANCO SANTANDER, LUGO, cuenta nº 2323000030005618. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.- Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.”*

Y para que le sirva de **NOTIFICACION EN LEGAL FORMA** a la empresa **CONPRONOR SL**, en ignorado paradero, a la que se advierte que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o cédula en el tablón de anuncios de la Oficina Judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia o cuando se trate de emplazamiento, expido y firmo el presente para su inserción en el **Boletín Oficial de la Provincia de Lugo**, en LUGO, a veinte de Junio de dos mil dieciocho.

LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 1824

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento **EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 33/2018** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DON MANUEL MARIA DOMINGUEZ REY**, contra la empresa **"LUTYSMA, S. L."**, sobre **DESPIDO**, se ha dictado resolución, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

*“Declárase extinguida a relación laboral que unía a **DON MANUEL MARÍA DOMÍNGUEZ REY**, coa empresa **"LUTYSMA, S. L."**, condenando a ésta a que abone a aquél as cantidades seguintes:- **NOME TRABALLADOR: DON MANUEL MARÍA DOMÍNGUEZ REY.-INDEMNIZACIÓN: 20.691,03 euros.- SALARIOS: 17.377,36 euros.-MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a presentar dentro dos TRES DÍAS hábiles seguintes ao da súa notificación, previa consignación de 25 EUROS na contad este xulgado 2324000030003318, coas excepcións previstas na Disposición Adicional decimoquinta da Lei Orgánica 1/2009 de 3 de novembro. A súa interposición non suspenderá a execución do que se acorda. (Art. 184.1 da LPL).- Así o acorda e asina a S.Sª. Dou fe.- A MAXISTRADA,- A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA,”***

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la empresa "LUTYSMA, S. L.", en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a veintisiete de junio de dos mil dieciocho.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,**

R. 1861

Anuncio

D/D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000570 /2017 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/D^a FRANCISCO JOSE PEREZ GONZALEZ contra la empresa PIENSOS COINSA SL, sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

“Acuerdo aprobar la avenencia alcanzada entre las partes en el día de la fecha y archivar las actuaciones.”

Y para que sirva de notificación en legal forma a PIENSOS COINSA SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de la provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a veintiséis de junio de dos mil dieciocho.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1862
